

INCREMENTO DO 2,5% DOS GASTOS DE PERSOAL CON FINANCIAMENTO AFECTADO

EXERCICIO ECONÓMICO 2019

En relación coa/s proposta/s de contratación/renovación/convocatorias públicas de contratación de persoal con cargo a actividades e proxectos de investigación (capítulo VI) **que afecten ao exercicio económico 2019**, establece o seguinte procedemento:

Os Responsables de Asuntos Económicos deberán realizar, tanto para as contratacións xa formalizadas, como para as propostas de contratación/renovación/convocatorias públicas de contratación que no futuro realicen, unha autorización de crédito cautelar do 2,5% do custo do contrato, atendendo aos seguintes criterios

Tendo en conta que este incremento do 2,5% terá carácter provisional mentres non sexan aprobados os orzamentos do Estado, é necesario diferenciar esta cantidade mentres teña carácter provisional co fin de poder realizar sen dificultade os axustes necesarios unha vez publicados os orzamentos. De tal modo que na descrición de autorización indicárase a cantidade provisional do incremento:

- Identificador: NOMINAS+FUNC+ECONOMICO
- Importe 2019: 61.200,00€
- Descrición: "Gastos de persoal + incremento provisional 2,5% (1.530,00 €)"

CONTRATOS QUE TENDO SEU INICIO NO ANO 2018 OU ANTERIORES, CONTINUARÁN VIXENTES NO ANO 2019

Na partida orzamentaria que soporte o contrato laboral, deberá procederse a incrementar o importe autorizado (ano 2019), tal e como se indica no parágrafo anterior, nun 2,5% calculado sobre o custo laboral do contrato (soldo, seguridade social e indemnización por finalización do contrato).

CONTRATOS CON INICIO NO ANO 2019

Para os contratos que se inicien no ano 2019, ademais dos criterios indicados no punto anterior, debe terse en conta:

i.-**Contratos a tempo completo** : A autorización de crédito cautelar aplicarase unicamente aos contratos, que en función da categoría, teñan establecida unha retribución bruta mensual **inferior** á indicada no cadro que figura mais abaixo.

ii.-**Contratos a tempo parcial**: Para determinar si é necesario realizar a autorización de crédito cautelar do 2,5% será necesario facer antes unha extrapolación da retribución bruta a tempo completo, en función ao número de horas contratadas e tendo en conta unha xornada a tempo completo de 37,5 horas.

Exemplo: no caso dun investigador en formación a media xornada (18,75 horas) procederá a retención cautelar se a retribución bruta supera 623,98 €/mes.

Loxicamente, cando proceda facer a autorización de crédito cautelar, farase sobre o custo laboral do contrato a tempo parcial

iii.-Os contratos a tempo completo con retribucións brutas mensuais **iguais ou superiores** ás indicadas no cadro que figura mais abaixo ou a parte proporcional que corresponda, para os contratos a tempo parcial, non será necesario aplicarles a autorización de crédito cautelar do 2,5%..

RETRIBUCIÓN MÍNIMA BRUTA MENSUAL TEMPO COMPLETO	
CATEGORÍA	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL TEMPO COMPLETO (37,5 HORAS)
Investigador asociado	1.823,83
Investigador en formación	1.247,96
Técnico Superior de apoio á investigación	1.555,95
Axudante de apoio á investigación	1.196,89
Técnico Administrativo	1.555,95
Axudante administrativo	1.196,89

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018
A Oficina de Investigación e Tecnoloxía